

# Arrolos

*Arrolos e xogos de iniciación  
para transmitir palabras e afectos*

*Como me gustan  
os aloumiños  
e as cóxegas!*





Edita:  
Xunta de Galicia.  
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Colabora:  
Consellería de Sanidade.

Depósito legal: C-135-2011

## Arrolos e xogos de iniciación para transmitir palabras e afectos

Os arrolos e versos infantís tradicionais que tes nas mans pertencen á memoria colectiva que os pais e as nais lles foron transmitindo con agarimo ás fillas e aos fillos. Coas palabras, coas cantarelas para durmir ou cos enredos das mans vai tamén afecto e axuda para descubrir o mundo, acougo para adormecer e motivación para espertar os sentidos. Os primeiros xogos coas palabras son unha vivencia esencial da cultura que compartimos e unha aprendizaxe para pequenos e grandes, unha maneira de crear lazos de unión entre pais/nais e fillos/as, entre onte e mañá.

Boa parte das coplas que se recollen nestas follas foron extraídas da páxina web *Orella pendella* (<http://www.orella-pendella.org>) e dos seguintes libros:

Palmira G. Boullosa (1997): *Cando o rei por aquí pasou. Libro do folclore infantil galego*. Xerais, Vigo.

Manuel Rico Vereá (1996): *Cancioneiro escolar galego. Vente vindo, ven cantando*. Fontel Edicións, A Coruña.

En todos eles podes atopar máis versos para lle cantares e lle recitares ao teu fillo xa desde antes de nacer.

Estas coplas iniciarán de maneira lúdica o neno ou a nena na lingua galega, nos ritmos, na rima, na psicomotricidade. Esperamos que llas digas con moito agarimo.



## Cantos de arrolar

Soniño, sono,  
vente a este ollo,  
pouquiño a pouco  
vénteme a estoutro.



O meu neno é unha rosa,  
heille de dar un biquiño,  
porque caladiño dorme,  
porque dorme caladiño.



Non te troco, meu meniño,  
non te troco, meu amor,  
nin pola prata da lúa  
nin polo ouro do sol.



O meu neno é pequeniño  
e aínda non me sabe andar,  
pero como dorme moito  
logo me ha de medrar.



Paxariños que voades  
polas follas dos loureiros,  
deixade durmir o neno,  
que está no sono primeiro.



A voz deste meu neniño  
é a voz que máis eu quero  
semella unha campaiña  
feita coa man dun prateiro.



Cantade, paxaros,  
cantade, amiguiños,  
que así arrolades  
os meus pequeniños.



O meu neno está no berce,  
os olliños vai pechar,  
canta o moucho, cae a noite,  
o meu neno dorme xa.



As investigacións sobre o desenvolvemento do cerebro din que cantarlle ao bebé promove que se estableza unha unión afectiva forte entre el e o adulto. Os acabados de nacer posúen unha resposta natural á música, debido ao seu contacto cos sons, co ritmo e co movemento xa dentro do ventre materno.

O cariño que se lle transmite ao neno ou á nena, a través do ton e das palabras, vai contribuír a que desenvolva unha confianza que vai ser beneficiosa para a seguridade en si mesmo no futuro.

Recitalle ou cantarlle, xogando tamén a variar os tons da voz, axudarao a desenvolver as capacidades da linguaxe.

Ademais de lle cantar, poñerlle música ao bebé, xa desde que está no ventre, estímulo para desenvolver os seus sentidos e mais o seu propio potencial para aprender.

Cantarlle co rostro a sorrir e nun ton feliz é unha forma de transmitirlle benestar e acougo. Ao deitalo no berce, sentirase reconfortado se se lle di algunha palabriña suave ("boas noites, a durmir"), cun alumiño nas costas e un bico.

O meu neno está no berce,  
o meu neno é de cristal,  
as súas bágoas son de prata  
e as meixelas de coral.



Durme, meu neno, durme,  
durme, meu pequerrechiño,  
que teu pai ha de traerche  
da ribeira un paxariño.



Durante o primeiro ano, os pais e os fillos establecen lazos afectivos estreitos a través do falar, do mirar, das caricias e dos sorrisos. Inventar con frases simples pequenas cantarelas é unha maneira de comunicarse co bebé experimentando vivencias distintas ca coa fala cotiá.

## Os dedos da man

O maimiño  
O medianiño  
O pai de todos  
O furabolos  
O matapiollos.



Este foi ao monte,  
este colleu leña,  
este foi aos ovos,  
este fritunos  
e este gordiño comeunos todos.



O pai ou a nai van collendo en cada verso  
un dedo diferente.



## Para aprender as partes da cara

Este olliño pimpilín,  
este olliño pimpilán;  
este nariz, narizán,  
esta boca pide pan;  
este queixo non llo dá.  
Arríncate cabalán!

Mentres recitamos, imos acariñando cada unha das partes do corpo nomeadas, facendo círculos co dedo. No derradeiro verso, facemos como quen que lle arrincamos o queixo cos dedos furabolos e pai de todos e mais introducimos no medio deles o polgar simulando que este é o anaco de queixo que quitamos.

O contacto sensorial co bebé establece lazos afectivos cos pais que lle darán seguridade e capacidade emocional no seu desenvolvemento como persoa. Xogar a tocar cada parte do seu corpo axuda o bebé a coñecerse fisicamente e, ao mesmo tempo, decatarse de que ten as mesmas partes que a súa nai ou o seu pai.



## Para cabalgar na perna

Arre, cabalo,  
que vas amontado.  
Panza para arriba,  
panza para abaixo  
ata caer do cabalo... abaixo!

Para bebés que xa sentan sós. O neno cabalga na túa perna. Cando digas "abaixo!", agárrao forte e simula que o deixas caer.

Nun cabaliño gris  
Xiana foi a París.  
Ao paso, ao trote,  
ao galope, ao galope, ao galope.

Pon a cabalgar o bebé sobre as dúas pernas túas. Cando digas "gris" e "París", agarra ben o neno, abre as pernas e fai que o deixas caer entre elas, permitindo que descenda un pouco. Nos versos seguintes cómpre ir acelerando o ritmo dos chimpanpos. Darase un chimpanpo para "ao paso", outro para "ao trote" e moitos para "ao galope". Debes trocar "Xiana" polo nome do teu bebé.

Os primeiros xogos infantís con voz, música e movementos permítenlle ao neno ou nena relacionar as palabras co seu significado, ao tempo que contribúen a desenvolver as súas capacidades sensoriais básicas.



## Para abanear



Serra, Martiño,  
serra, Martiño,  
ti polo pan  
e eu polo viño.  
Serra, Martiño,  
sérame o pan,  
sérame o viño,  
sérame a man.

Co bebé sentado no colo fronte a ti, cólleslle as mans e arrandéalo para adiante e para atrás.



## Cóxegas con Pedro Chosco



Pedro Chosco, de onde vés?  
Veño de lavar os pés.  
Pedro Chosco, e a onde vas?  
Vou durmir este rapaz.

Mentres se recita o segundo verso, facémolle ao bebé cóxegas nos pés; mentres se recita o derradeiro, pola perna arriba.

Estes xogos, feitos con agarimo, constitúen unha estimulación emocional positiva. Favorecer o riso coas cóxegas é un divertimento para o neno e para o pai ou a nai que llas fai.



## Para rematar un conto

E colorín colorado este conto está contado e por un lado e por outro ata mañá non hai outro.

E acaba este conto con pan e pemento e todos contentos.

Non te preocupes se o bebé parece interesarse tanto por morder, sacudir e apertar os libros como por escoitar a historia que conteñen. Os bebés aprenden con todos os sentidos!

Mirar libros co bebé e chamar a súa atención sobre as imaxes que hai neles é algo que podemos facer dende antes de que o neno fale, e que sen dúbida contribuirá a que aprenda a facelo. Aínda cando non entenda as túas palabras, encantaralle estar no teu colo sentindo o son da túa voz. escoitar os contos que lles contamos ou lemos son actividades prazenteiras para os cativos, que teñen neses momentos a atención dos adultos e comparten con eles emocións e risas. Iso si, debe ser o cativo quen estableza o que debe durar esta actividade: cando canse ou perda interese é o momento de xogar a outra cousa.



## Letras e números

A, e, i, o, u,  
azoutiñas no teu cu.

Para recitar mentres se lle dan ao neno azoutas suaves.

Unha e unha, dúas;  
quero filloas das túas.  
Dúas e dúas, catro;  
ben postiñas no prato.  
Catro e catro, oito;  
dáme tamén biscoito.  
Oito e oito, dezaseis;  
e despois dáme pasteis.  
Ponos nunha bandexa  
e que ninguén os vexa.

Deixádevos sorprenden cos avances do bebé e aplaudídellos: as primeiras palmiñas, os primeiros intentos de dicir algo respondédellos cun sorriso. Reconfortarano e axudarano a seguir avanzando con seguridade.





XUNTA  
DE GALICIA